

## RESOLUCIÓN DE XERENCIA POLA QUE SE CONVOCAN CURSOS PARA O PTXAS E PERSOAL LABORAL FIJO INVESTIGADOR DE APOIO Á INVESTIGACIÓN NOS CURSOS DO CENTRO DE LINGUAS MODERNAS (CLM)

### CAMPUS DE SANTIAGO E LUGO – curso académico 2024-2025

A Universidade de Santiago de Compostela convoca para o curso académico 2024-2025 os **curtos do Centro de Linguas Modernas nos campus Santiago e Lugo** como servizo de apoio complementario á educación universitaria, de conformidade coas seguintes

#### BASES

#### 1. CURSOS OFERTADOS

Cursos anuais regulares, semi-presenciais e semi-intensivos de inglés, Campus Santiago.

Cursos semestrais de lingua alemá, francesa, italiana, inglesa e portuguesa no Campus Santiago.

Cursos semestrais de lingua alemá, francesa, inglesa e portuguesa no Campus Lugo.

Sesiós de conversa en inglés e francés, niveis intermedio e/ou avanzado, Campus Santiago / Lugo.

#### 2. TEST DE NIVEL

2.1. As persoas interesadas en cursar estudos nunha lingua da cal posúan coñecementos previos e non aprobaron un determinado nivel da dita lingua durante dous anos anteriores no CLM ou na EOI, terán que facer un test de nivel.

2.2. A inscrición no test clasificatorio farase por Internet dende a páxina web do CLM <<https://www.usc.gal/gl/centro/centro-linguas-modernas>>, accedendo á lingua e ao nivel de interese dende o menú Formación.

2.3. Segundo o idioma, a realización do test poderá ser **presencial ou en liña**.

2.4. O test de nivel en liña pode facerse durante o período da matrícula segundo o acordo co profesorado. As candidatas e os candidatos recibirán unha ligazón do test en liña por correo electrónico despois de realizar a inscrición e avisar a través do correo electrónico indicado na plataforma.

2.5. O nivel resultante no test non acredita o nivel segundo o MECRL, só o nivel de idioma en que debe matricularse.

2.6. Os resultados do test serán accesibles dende a mesma páxina web na que se realiza a inscrición.

2.7. Os detalles sobre os test de nivel recóllese no **ANEXO** final, aínda que poderán sufrir cambios por motivos de organización.

### 3. MATRÍCULA

#### 3.1. Requisitos da matrícula

3.1.1. A matrícula nun curso de nivel inicial non esixe o test de nivel previo.

3.1.2. Todas as persoas que teñen coñecementos previos do idioma terán que facer o test de nivel previo á matrícula.

3.1.3. As persoas que aprobaron no ano anterior un nivel segundo o MECRL na EOI poderán matricularse directamente no curso inmediatamente superior, sen faceren o test de nivel. Deben contactar co CLM [clm@usc.gal](mailto:clm@usc.gal) para solicitar a autorización da súa matrícula.

3.1.4. As persoas que aprobaron no ano anterior un nivel segundo o MECRL no CLM poderán matricularse directamente no curso inmediatamente superior, sen faceren o test de nivel.

3.1.5. As persoas que aprobaron hai dous anos, un nivel segundo o MECRL no CLM poderán matricularse directamente no curso inmediatamente superior, sen faceren o test de nivel, sempre que avisen no enderezo CLM <[clm@usc.gal](mailto:clm@usc.gal)> para solicitar a autorización da súa matrícula.

3.1.6. A admisión aos cursos pode estar suxeita á autorización do profesorado atendendo aos criterios de homoxeneidade de nivel dos participantes.

#### 3.2. Prezos. Subvención e exención do pagamento da matrícula.

3.2.1. A USC financiará no curso 2024-2025 ao PTXAS e ao persoal laboral fixo investigador e de apoio á investigación, con cargo ao seu Plan de Formación, unha única acción formativa por persoa, anual ou fraccionada por semestres, de lingua inglesa, francesa, alemá, italiana e portuguesa sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- 1) Non se financian as repeticións de nivel, agás casos excepcionais e debidamente xustificados. Se vai estudar a **mesma lingua** ca en anos anteriores, terá que matricularse nun **nivel superior, agás nos cursos de práctica de destrezas específicas**.
- 2) Só se financiará a matrícula nunha nova lingua cando se obteña un nivel do MECRL na cursada anteriormente.
- 3) No caso de realizar dous cursos semestrais, terán que ser de niveis sucesivos ou de linguas distintas.
- 4) A asistencia ao/s curso/s será como mínimo o 80% das horas totais do/s curso/s.
- 5) O abandono, agás causa de forza maior acreditada ou a non superación da acción formativa, supón que o alumnado debe devolver o importe da matrícula.

3.2.2. O incumprimento das condicións esixidas causará a anulación do dereito á exención da matrícula.

3.2.3. No caso de recibir máis solicitudes que prazas dispoñibles, en función das posibilidades do CLM, no PTXAS e ao persoal laboral fixo investigador e de apoio á investigación terán prioridade as solicitudes de


persoal en postos con requisito de coñecemento de idiomas estranxeiros e, de ser o caso, en función da data de solicitude.

3.2.4. O persoal contratado con cargo a programas, proxectos, contratos de investigación ou a estudos propios da USC non ten dereito á exención do pagamento íntegro da matrícula, mais si ten dereito á mesma subvención parcial da comunidade universitaria da USC en todas as accións formativas lingüísticas do CLM da USC durante o curso 2024-2025.

### 3.3. Procedemento de formalización da matrícula

3.3.1. A matrícula farase por Internet dende a páxina web do CLM: <https://www.usc.gal/gl/centro/centro-lenguas-modernas>.

Cando se preme na opción “Matrícula por internet”, preséntase unha pantalla como a seguinte para acceder á Secretaría Virtual. As persoas usuarias que non teñen un expediente na USC deberán empregar o documento de identificación e unha chave de acceso para validarse no sistema. Este contrasinal debe ser creado e lembrado para poder volver acceder ao sistema.



The screenshot shows the registration page for the USC CLM. At the top, there's a logo for USC and the text "Curso Universidade de Santiago de Compostela". Below that, there are links for "versión en Español", "mapa da web", "directorio", "contacto", "correo web", "ligazóns", and "axuda".

**Información:**

- Documento de identificación:** Indicar o NIF, NIE ou Pasaporte (se non residentes en España). Ex.: NIF: 36000000D NIE: X5656552
- Contrasinal:** Terá entre 6 e 50 caracteres. Poderanse combinar letras e números. Minúsculas e mayúsculas.
- O contrasinal permite acceder aos servicios por internet tantas veces como se deseñe polo que é importante conservalo.**
- As incidencias técnicas comunicaranse a cau@usc.es**

**Identificación de Usuario:**

Ir á Secretaría Virtual do Alumnado. Os usuarios introducirán o documento de identificación (NIF, NIE, pasaporte...) e o contrasinal.

**Validación con expediente**

Se xa se accedeu con anterioridade, utilizarase o mesmo contrasinal.

- Se é a primeira vez que se accede ao servizo escribirase un contrasinal de, alomenos, 6 caracteres, que deberá ser confirmado.
- O estudiantado estranxeiro introducirá o seu documento de identificación (Pasaporte, NIE...) ainda que non teña o formato indicado; a continuación, pulsará aceptar no aviso de que ese documento non é un DNI.

Se és alumno do CLM, e intentas matricularnos nos cursos de español, debes introducir o documento e a clave que introduciste na proba de nivel, se non a fixeches, introduce o teu documento e un contrasinal novo.

If you are a student of Spanish at the Modern Language Centre (CLM), you should enter the same document number and password you used when you registered for the placement test. If you have not done so, enter your document number and a password.

**Validación sin expediente**

DNI (con letra) :   
Contrasinal:

Esqueci o meu contrasinal

**SOLICITUDE DA TARXETA UNIVERSITARIA DE IDENTIDADE (TUI)**  
Quen formalice a matrícula por 1º vez nunha titulación oficial, debe solicitala na oficina que o Banco Santander ten no seu campus.

**Entrar**

Universidade de Santiago de Compostela | Teléfonos: 34 881 811 000 e 34 982 820 000 | [Contacto](#)

O PTXAS e o persoal laboral fixo investigador e de apoio á investigación que teña dereito á exención dos prezos da matrícula ten que seleccionar a opción “CLM: PAS da USC (con cargo ao seu Plan de Formación)”, na lista de “Descontos aplicables”.

De cara á aplicación da exención, a identidade dos membros da comunidade universitaria será comprobada pola USC. Anularase a matrícula do persoal da USC que non pertenza aos colectivos con dereitos a exención tal e como consta na convocatoria presente.

Se teñen dúbidas sobre a pertenza ou non ao colectivo con exención de matrícula, diríxanse á [Subárea de Planificación de PAS](#).

No caso de teren problemas coa matrícula en liña deben remitir unha incidencia ao enderezo do *Centro de atención aos usuarios* da USC <[cau@usc.gal](mailto:cau@usc.gal)> e seguir as indicacións recibidas.

3.3.2. Haberá un prazo de dez días hábiles dende a data de formalización da matrícula, para solicitar a súa anulación.

### 3.4. Calendarios

Os detalles sobre os prazos de matrícula e desenvolvemento dos cursos recóllense no **ANEXO** final, aínda que poderán sufrir cambios por motivos de organización.

## 4. RÉXIME DE ASISTENCIA E NÚMERO DE PERSOAS POR AULA

4.1. Se un alumno ou alumna matriculados e con praza nun grupo determinado tivese máis dun 50% de faltas inxustificadas durante o primeiro mes (ou a quinta parte inicial) do curso, perderá a praza nese grupo, pero terá dereito a solicitar o reingreso en calquera grupo do mesmo nivel que se inicie con posterioridade dentro do mesmo curso académico, de haber prazas libres.

4.2. Os alumnos e alumnas que non asistan ao 80% das sesións de clase non terán dereito a ser avaliados.

4.3. O número máximo de persoas por aula presencial son 15 e profesor/a.

## 5. AVALIACIÓN E CERTIFICACIÓN

5.1. Cada curso convocado polo Centro de Lingua Modernas (CLM) terá unha única convocatoria de exame final.

5.2. Para ter dereito ao documento acreditativo do curso, os alumnos e alumnas deben cumplir cos requisitos mínimos marcados: a asistencia ao 80% das horas presenciais e a superación da avaliación continua e final.

Os documentos acreditativos serán:

a) Para cursos que seguen o MECRL: certificación con selo de órgano e código seguro de verificación (CSV), que accredita:

- a denominación do curso
- a duración, en número de horas
- o nivel segundo o Marco Europeo Común de Referencia para as Lingua
- a identidade da ou do estudiante (nome completo e documento de identificación)
- a cualificación cualitativa (Aprobado, Notable, Sobresaliente, Matrícula de Honra) e numérica obtida

As certificacións poderan descargarse a través da Secretaría Virtual (SV) da USC premendo no enlace

\*Solicitud de certificación\*, seguir os pasos e pulsar en \*Realizar unha nova solicitud\*.

b) Restantes actividades formativas: diploma de aproveitamento, que acredita:

- a denominación da actividade
- a duración, en número de horas
- o nivel (inicial, intermedio ou avanzado)
- a identidade da ou do estudiante (nome completo e documento de identificación)
- 

Os diplomas de aproveitamento deben solicitarse ao endereço [clm@usc.gal](mailto:clm@usc.gal).

## 6. ACEPTACIÓN DAS BASES

A solicitude de praza nos cursos do CLM suporá a aceptación incondicional destas bases.

## 7. MÁIS INFORMACIÓN

CLM da USC no CAMPUS DE SANTIAGO  
Avda. das Ciencias 7, 1º  
Campus Vida – Santiago de Compostela  
Tel.: 8818 14443  
Correo electrónico: clm@usc.gal

CLM da USC no CAMPUS DE LUGO  
Facultade de Humanidades,  
Aulario CLM  
Tel.: 982824606  
Correo electrónico: clm@usc.gal

## 8. IMPUGNACIÓN

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da xurisdición contencioso administrativa, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo.

Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non haxa resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O REITOR  
P. D. de competencias, R.R. do 21 abril 2022 (DOG 26 abril 2022)  
O XERENTE  
Antonio Javier Ferreira Fernández

## ANEXO

### 1 Cursos 2024-2025<sup>1</sup> Campus Santiago

Lingua Nome do curso	Nivel MECRL	Horas	Número de grupos	Número de prazas	Inscrição no Test de nivel Realización do Test (1º-5º)	Prazo de matrícula	Calendario das clases
Inglés anual presencial	B2	100: 80h presenciais e 20h de traballo autónomo	1	15	29/08-30/09/2024 1º T: 11 Set, 14:30 2º T: 16 Set, 16:00 3º T: 19 Set, 12:30 4º T: 25 Set, 16:00 5º T: 30 Set, 19:30	29/08 2/10	2/10/24 30/04/25
Inglés anual semipresencial	B1	100: 40h presenciais e 60h de traballo autónomo	1	15		29/08 1/10	1/10/24 29/04/25
Inglés anual semipresencial	B2	100: 40h presenciais e 60h de traballo autónomo	1	15		29/08 3/10	3/10/24 8/05/25
Inglés anual presencial	C1.1	100: 80h presenciais e 20h de traballo autónomo	1	15		29/08 2/10	2/10/24 30/04/25
Inglés anual semipresencial	C1.1	100: 40h presenciais e 60h de traballo autónomo	2	30		29/08 1/10	1/10/24 29/04/2
Inglés anual semipresencial	C1	100: 40h presenciais e 60h de traballo autónomo	1	15		29/08 3/10	3/10/24 8/05/25
Inglés anual presencial	C2.1	100: 80h presenciais e 20h de traballo autónomo	1	15		29/08 2/10	2/10/24 30/04/25
Inglés anual semipresencial	C2.1	100: 40h presenciais e 60h de traballo autónomo	1	15		29/08 2/10	2/10/24 30/04/25

<sup>1</sup> A oferta de cursos do 2º semestre do curso 2024-2025 será coñecida en decembro de 2024

Inglés semestral presencial semiintensivo	B1	100: 40h presenciais e 60h de traballo autónomo	1	15	29/08-30/09/2024	29/08	25-26/09/24
	B2.1		1	15	1º T: 11 Set, 14:30	22/09	13-14/01/25
	B2		1	15	2º T: 16 Set, 16:00		
	C1		1	15	3ºT: 19 Set, 12:30		

Alemán semestral	A1.1	50: 40h presenciais e 10h de traballo autónomo	2	30	A1.1 non precisa T de nivel	29/08	25-26/09/24
	A1		1	15	29/08 – 18/09/2024	22/09	13-14/01/25
	A2.1.1		1	15	1º T: 18/09 – 16:00h		
	A2		1	15	2º T: 19/09 – 11:00h		
	B1		1	15	3º T en liña 16/09-20/09		
Francés semestral	A1	50: 40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1	15	29/08-20/09/2024 1º T: 16/09 – 18:00 2º T: 17/09 – 10:00	29/08	25-26/09
	A2.1		2	30		22/09	13-14/01/25
	B1.1.		2	30			
	B2.1.1		1	15			
	C1.2.1		1	15			
Italiano semestral	A2.1	50: 40h presenciais e 10h de traballo autónomo (sesións de 1h e 45 min)	4	60	A2.1 non precisa T de nivel	29/08	23 -24/09
	B1.1		2	30	29/08-17/09/2024 1º T:17/9 – 11:00h 2º T:17/9 – 16:30h	22/09	11-12/12/24
Portugués semestral	A2	50: 40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1	15	A2 non precisa T de nivel	29/08	25-26/09
						22/09	13-14/01/25

	B1.1 B1		1 1	15 15	29/08-20/09/2024 1º T: 17/09-16:00h		
--	------------	--	--------	----------	--	--	--

## 2 Cursos do 1º semestre 2023-2024<sup>2</sup> Campus Lugo

Lingua / Nome do curso	Nivel MECRL	Horas	Número de grupos	Número de prazas	Inscrição no Test de nivel Realización do Test	Prazo de matrícula	Calendario das clases
Alemán semestral presencial	A1.1	40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1	15	A1.1 non precisa T de nivel	29/08 22/09	25-26/09 13-14/01/25
	A1		1	15	29/08-20/09/2024		
	A2		1	15	1º en liña (opción preferente): do 16.09.2024 ata o 20.09.2024 1º T: 20/09 - 11:00h		
Francés semestral presencial	A1.1	40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1	15	A1.1 non precisa T de nivel	29/08 22/09	25-26/09 13-14/01/25
	B1.1		1	15	29/08-20/09/2024		
	B2		1	15	Test 1: 17/09 - 18h Test 2: 18/09 - 9h		
Ingles semestral presencial	B1.1	40h presenciais e 10h de traballo autónomo	1	15	29/08-20/09/2024 1º T:17/09 – 11:00h	29/08 22/09	25-26/09 13-14/01/25

<sup>2</sup> A oferta de cursos do 2º semestre 2024-2025 será coñecida en decembro de 2024.

Inglés semestral presencial	B2 B2.1 C1.1	40h presenciais e 60h de traballo autónomo	1 1 1	15 15 15	2º T:17/09 – 17:30h 3º online contactar con a.lopez.rodriguez@usc.gal  1º T:17/9 – 11:00h 2º T:17/9 – 17:30h 3º online contactar con a.lopez.rodriguez@usc.gal	29/08 22/09	25-26/09 13-14/01/25
Speaking and Listening Skills B2 – semestral semi-intensivo presencial	Speaking and Listening Skills B2	15h presenciais e 10h de traballo autónomo	1	15	1º T:17/9 – 11:00h 2º T:17/9 – 17:30h 3º online contactar con a.lopez.rodriguez@usc.gal	29/08 22/09	23/09/24 16/01/25

As actividades recollidas neste Anexo poderán sufrir cambios por motivos da organización.

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: ANTONIO JAVIER FERREIRA FERNANDEZ, XERENTE, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, 01/08/2024 10:51:08.

CSV: CCC7-D584-4631-B13D